



APROBACIÓN ORZAMENTO MUNICIPAL EXERCICIO 2019. ADOPCIÓN DE ACORDOS QUE PROCEDAN.

Formado por esta Alcaldía, o Orzamento municipal para o exercicio de 2019, ó que se lle une a documentación que preceptúa o art. 168 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e realizada a tramitación segundo o sinalado na lexislación vixente nesta materia (arts. 162 a 171 do citado texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e 18 a 20 do R.D. 500/1990 de 20 de abril) e visto o informe emitido pola Intervención, propónse a adopción do seguinte acordo:

1. Aprobar o límite máximo de gasto non financeiro que ascende a contía de 7.797.606,35 euros coherente coa estabilidade orzamentaria.
2. Aprobar inicialmente o orzamento desta Entidade para o exercicio de 2019, sendo a contía fixada, tanto en GASTOS como en INGRESOS, un total de SETE MILLÓNS CENTO SETENTA E CATRO MIL CATROCENTOS TRINTA E SEIS CON TRINTA E OITO EUROS, asignando a cada un dos capítulos as seguintes cantidades:

Capítulo	Denominación	Créditos iniciais (€)
1	Gastos de persoal	2.021.129,26
2	Gastos en bens correntes e servizos	3.221.035,72
3	Gastos financeiros	0,00
4	Transferencias correntes	252.871,40
6	Inversións reais	1.657.400,00
7	Transferencias de capital	0,00
8	Activos financeiros	22.000,00
9	Pasivos financeiros	0,00
TOTAL		7.174.436,38

Capítulo	Denominación	Previsións iniciais (€)
1	Impostos directos	2.460.175,12
2	Impostos indirectos	50.000,00
3	Taxas e outros ingresos	1.298.367,80
4	Transferencias correntes	2.289.483,29
5	Ingresos patrimoniais	42.596,07



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

7	Transferencias de capital	911.814,10
8	Activos financeiros	22.000,00
TOTAL		7.174.436,38

3. Aprobar, igualmente, as bases de execución do devandito orzamento.
4. Aproba-la plantilla de persoal funcionario e laboral segundo consta no expediente.
5. Que se expoña ó público polo prazo de quinze días hábiles, para os efectos de reclamacións, conforme ó preceptuado no art. 169.1 da citada lei.
6. Que no suposto de non se presentaren reclamacións contra o mesmo, considerárase definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite da súa publicación, resumido por capítulos, no BOP, xunto coa plantilla de persoal, segundo dispoñen os artigos 127 do RDL 781/1986, de 18 de abril, e 169.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais; noutro caso procederáse de acordo co previsto no número 1 deste último artigo.
7. Que de conformidade co número 4 do mesmo precepto legal, remítase copia do referido Orzamento á Administración do Estado, e á da Comunidade Autónoma.

O Pleno decidirá o que estime máis conveniente.

Bergondo, na data que figura na marxe
A alcaldesa

Asdo. Alejandra Pérez Máquez